



Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo da Escola de Enfermaría de Pontevedra

Data de aprobación en Xunta de Escola: 13/07/2023

Índice

1. Presentación
2. Ficha básica do PAT-AENAE do centro
3. Obxectivos
4. Principios de actuación do PAT-AENAE.
5. Axentes implicados:
 - 5.1. Equipo decanal/directivo
 - 5.2. Comisión de Calidade do centro
 - 5.3. Coordinación e responsable do PAT-ANEAE.
 - 5.4. Profesorado titor
 - 5.5. Tutores: Tutores xerais do PAT-ANEAE
 - 5.6. Estudantado titor
 - 5.7. Estudantado
6. Organización xeral
7. Metodoloxía
8. Plan de tutorización PAT-ANEAE
 - 8.1. Acuacións de tutorización xerais para todo o alumnado do centro
 - 8.1.1. Actuacións de acollida e presentación do PAT-AENAE
 - 8.1.2. Acto de presentación ao alumnado de 2º, 3º e 4º gradp
 - 8.1.3. Ciclo de conferencias, seminarios e/ou xornadas
 - 8.2. Actuacións de tutorización para o alumnado do grao
 - 8.2.1. Actuacións de carácter formativo
 - 8.2.2. Actuacións de apoio e seguimento
9. Confidencialidade e Protección de Datos
10. Avaliación
11. Cronograma de desenvolvemento PAT-ANEAE: ORIENTA-T.
 - 11.1 Cronograma de actividades do curso
 - 11.2 Relación de persoas responsables e colaboradoras do PAT_AENAE
12. Anexos

1 Presentación

O Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE_PO) do centro Escola de Enfermaría de Pontevedra, recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. As accións específicas de apoio educativas que sexa necesario implantar para atender as necesidades do alumnado, integraranse neste mesmo plan, buscando a completa sistematización e normalización de actuacións integrais nunha ferramenta única, completa e heteroxénea.

A implantación deste modelo de PAT-ANEAE, supón superar o modelo especificamente académico, só preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socio educativas e integradoras baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc.; apóstase, en definitiva, polo desenvolvemento persoal e a integración de alumnado con necesidades específicas. Ambas dimensóns inciden dunha forma directa ademais no desenvolvemento académico e o éxito profesional.

Esta ferramenta consolida unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do alumnado, que normaliza as distintas accións co obxectivo de acadar un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no actual marco de educación superior.

O Plan de Acción Titorial e de Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo apunta directamente cara á garantía e á adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, á adquisición de competencias do alumnado, á atención á diversidade, á orientación cara o aprendizaxe etc., recollidos dunha forma ampla tanto nas memorias dos títulos como no sistema de garantía de calidade do centro e vertebrados tamén, a través do Programa de atención ás necesidades específicas de apoio educativo ou programa equivalente que o substitúa ou inclúa.

O presente documento responde á implantación do Procedemento DO-0203 P1 de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo, constituindo en si mesmo a evidencia R1-DO0203 P1 (PAT-ANEAE) do mesmo.

2 Ficha básica do PAT do centro

Ámbito de aplicación:	Todas a titulacións do centro de grao: - Grao en Enfermaría na Escola de Pontevedra
Persoa/s Coordinadoras do PAT- ANEAE	O PAT-ANEAE pode ser coordinado a través dunha única persoa que atenda as dúas grandes dimensións do PAT-ANEAE: - Académica ou titorial - Coordinación das accións derivadas das necesidades especiais e específicas de apoio educativo Funcións compartidas, de xeito integrado, conxunto e cooperativo coa persoa coordinadora xeral de todo o programa.

3 Obxectivos xerais

A Escola determina os obxectivos do PAT en función das necesidades que se presenten no ámbito xeral e específico do título de Grao en enfermaría.

Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:

- Establecer un sistema de información, orientación e canalización socio educativa para as alumnas e alumnos da titulación do centro mediante a asignación dunha persoa titora.
- Deseñar un sistema de información para todo o estudando sobre o funcionamento do centro.
- Motivar unha participación activa de todo o alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.
- Incentivar a participación en programas de mobilidade, así como noutras actividades de carácter específico ou transversal que complementan a súa formación universitaria.
- Ampliar a información sobre as saídas profesionais relacionadas coas ensinanzas do centro.
- Garantir o desenvolvemento das accións determinadas dentro do Programa de atencións ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do centro inscrito nel. A persoas/s coordinadoras do PAT-ANEAE manterán unha comunicación directa coa UNATEN (Unidade de Atención ao Alumnado con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo) e trasladarán ao profesorado e persoas titoras (se os houbera) a programación de actividades a desenvolver e/ou as adaptacións acordadas para garantir a atención á diversidade e a igualdade de oportunidades deste alumnado. As adaptacións son establecidas pola COATEN (Comisión Técnica de Atención ao Alumnado con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo) no marco do desenvolvemento do programa.
- Axudar ao alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu normal desenvolvemento da actividade académica informándolle dos servizos da universidade que poden atender a súa situación específica.
- Empregar o PAT-AENAE como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación.

4 Principios de actuación do PAT-AENAE

Os seguintes principios constitúen as bases éticas e legais fundamentais de actuación para os distintos implicados no desenvolvimento do PAT-AENAE:

- Principio de privacidade e confidencialidade. A información non ha de saír das canles e dos procedementos estritos para os que se xera, e será privada e confidencial e en todo caso conforme a lei.
- Respecto aos dereitos do estudiantado, segundo as normas da Universidade de Vigo.
- Coordinación e colaboración entre os distintos axentes participantes no PAT-AENAE.
- Optimización dos recursos do centro e da universidade dispoñibles.
- Elaboración de documentos escritos que permitan a posterior análise e valoración de resultados e a mellora do proceso.

5 Axentes implicados

5.1 Equipo directivo

- O equipo directivo participa no deseño do PAT-ANEAE, pero a súa función fundamental está ligada á promoción e ao desenvolvemento deste.
- Elevará, para que aprobe a Xunta de Centro, a proposta documental do PAT, así como a selección-establecemento do profesorado e do alumnado titor e os criterios de asignación do estudiantado titorizado.
- Velará polo cumprimento das accións acordadas e impulsará, xunto coa Comisión de Garantía de Calidade, as melloras oportunas á vista dos resultados obtidos.

5.2 Comisión de Garantía de Calidade

Como principal órgano de seguimento da calidade no centro, deberá analizar os informes parciais ou finais que lle entregue a persoa coordinadora do PAT-ANEAE ou calquera axente implicado e determinar as accións de mellora oportunas no funcionamento do mesmo. Deberá velar porque o procedemento de orientación ao estudiantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo do sistema de calidade do centro cumpra os requisitos e estea permanentemente actualizado.

5.3 Coordinación do PAT-ANEAE

Ambas son figuras nomeadas polo equipo directivo para apoiar o desenvolvimento do PAT-ANEAE. Así, o equipo directivo nomea inicialmente unha única persoa para coordinar todo o PAT-ANEAE, a mesma persoa é coordinadora do PAT e a persoa que asumirá a organización das accións destinadas á atención das necesidades específicas de apoio educativo. A súa intervención centrarase na coordinación das acción destinadas ao alumnado do centro con necesidades específicas de apoio educativo e será un enlace fundamental entre a UNATEN os titores e titoras, o profesorado, os departamentos e o equipo directivo. A coordinación xeral será levada pola subdirección do centro.

Ambas figuras actuarán de forma coordinada e colaborativa no desenvolvimento do PAT-ANEAE. Actuarán como interlocutores/as entre os distintos axentes implicados e serán os responsables de coordinar a recollida da información relevante que permitirá o correcto seguimento de todo o Plan e facilitará a súa mellora continua.

A Información (accións, incidencias, resultados) relevante recollerase nun Informe Final que será analizado e validado pola Comisión de Calidade do Centro ao remate de cada curso académico.

5.4. PERSOAS TITORAS: Do PAT-ANEAE en xeral e específicos para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo-ANEAE:

O labor de tutoría susténtase no establecemento dun vínculo académico particular entre os titores/as e o alumnado titorizado. Trátase dunha relación que permitirá coñecer o estudiantado noutras facetas distintas da netamente docente, posto que se lle vai aconsellar e orientar outros aspectos da súa vida académica. Esta relación está baseada, fundamentalmente, en principios de confianza, comunicación e respecto entre ambas as partes.

A persoa coordinadora do PAT- AENAE será a figura titora que acompañará a unha alumna ou a un alumno con necesidades específicas de apoio educativo do centro, acompañándoo/oa na súa integración e coordinando e trasladando ao profesorado implicado as medidas, accións ou ferramentas que debe ter en conta no desenvolvimento da docencia cara a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e co obxectivo de que se garanta os seus dereitos e poida acadar con éxito os obxectivos académicos.

Tutores/as xerais do PAT-ANEAE: As funcións básicas do titor/a serán as seguintes:

- Aconsellar o alumnado na toma de decisións académicas de acordo cos seus criterios, gustos, preferencias etc.
- Orientar na solución das dúbidas e inconvenientes burocráticos que no marco do curso académico poidan atopar.
- Transmitir a información precisa sobre os servizos e as actividades que se realizan no centro e na Universidade de Vigo e poidan ser do interese do grupo de estudiantes.
- Informar e fomentar sobre a participación do estudiantado nos órganos colexiados do centro e da universidade, nas actividades que se desenvolvan no centro e mesmo no propio PAT-ANEAE e, en xeral, na vida universitaria.
- Recomilar a información necesaria para desenvolver as actuacións do PAT-ANEAE relativas ao seu grupo de alumnado.
- Rexistrar a información de acordo co establecido para a súa posta a disposición da coordinación do PAT-ANEAE e da dirección do centro.
- Asistencia ás reunións organizativas e ao desenvolvemento do PAT-ANEAE ao que sexa convocado pola coordinación do PAT e/ou a dirección do centro.

Titor/a de deportistas de alto nivel:

- Coordinación dos dereitos coas actividades académicas.

Tutores/as de persoas con necesidades específicas de apoio educativo do centro:

- Acompañamento, asesoramento e axuda directa ao alumnado que titoriza.
- Actuará de interlocutor/a entre a Coordinación xeral do PAT-ANEAE e o profesorado no desenvolvemento das accións ou adaptacións que se teñan acordado para o desenvolvemento do proceso de ensinanza—aprendizaxe.

5.5 Criterios de Selección de persoas coordinadoras e persoas titoras:

O nomeamento das persoas coordinadoras e persoas titoras no centro será establecida polo Equipo Directivo. A distribución de alumnado entre o profesorado-titor será equitativo e partirá do número de alumnos/as totais, téndose en seguintes criterios:

1. Poderán ser tutores/as o profesorado do centro con vinculación permanente, xunto co profesorado colaborador. Tamén poderán participar como tutores (mentores) o alumnado de cursos superiores tras un proceso de formación. O alumnado do centro participa como alumando colaborador dando apoio ao profesorado titor, participando nas reunións e motivando ao alumando á participación con quen tamén actúa de enlace.

2. Só poderá ser titor do alumnado dun curso o profesorado que imparta docencia nese curso. Establecese unha relación de profesores e, en cada curso, o novo alumnado vaise distribuíndo por orde alfabético.

5.6. Estudantado colaborador nas titorías

A figura do estudantado titor resulta importante dende dúas ópticas diferentes: por unha banda, a interacción con outro alumnado de cursos superiores facilita a integración do estudantado de novo ingreso en todos os aspectos da vida académica. A relación entre o propio alumnado permite unha comunicación horizontal más próxima e espontánea. Por otra banda, non menos importante é a experiencia formativa que adquire o propio alumnado titor, que se converte en axudante doutras e doutros estudiantes. As funcións do estudantado titor son:

- Informar o grupo de alumnado correspondente das actividades, servizos, iniciativas, programas etc., ofertados polo centro e pola universidade.
- Participar na acollida e na integración do alumnado de novo ingreso e do estudantado alleo procedente de programas de mobilidade.
- Colaborar activamente nas reunións que se organicen dentro da planificación do PAT-ANEAE.
- Colaborar na realización de informes e enquisas de satisfacción ligadas ao PAT-ANEAE.

5.7 Estudantado

Son as persoas destinatarias do PAT-ANEAE. A elas diríxense as actuacións programadas co fin último de favorecer a consecución das súas metas académicas e persoais ligadas á etapa universitaria.

6 Organización xeral

Tanto a estrutura do PAT-AENAE como o deseño de actividades deben ser sometidos a validación da Comisión de Calidade do Centro e aprobado en Xunta de Centro.

Ao inicio do curso académico informarase aos distintos implicados do PAT-ANEAE da distribución definitiva de cada grupo de alumnado-persoa titora asignada e de se lo caso titor/a de persoas con necesidades específicas de apoio educativo do centro. Publicarase tamén o calendario (data, hora, lugar) das distintas accións e calquera outra información relevante para o desenvolvemento do PAT-ANEAE

Os centros poderán vertebrar accións titoriais a través de plataformas virtuais, e sesións online.

7 A metodoloxía

A pedagogía actual asenta as súas bases nos principios da interactividade e da construtividade, concedéndolle ao alumnado o protagonismo da súa aprendizaxe, onde o rol do/da -titor/a é de mediador/a e facilitador/a. Polo tanto, para realizar eficazmente o traballo de titoría, emprégase unha metodoloxía flexible para adaptarse ás diferentes estratexias de aprendizaxe, á diversidade do alumnado e, por suposto, ás súas necesidades específicas de apoio educativo

Preténdese que sexa o alumnado baixo a supervisión e a axuda do titor/a quen asuma a responsabilidade na toma de decisións. O titor/a configúrase como un mediador/a que tenta favorecer:

- A integración do alumnado na vida universitaria e nos procesos de formación.
- A aprendizaxe autónoma do alumnado e a toma de decisión.
- axeitado desenvolvemento curricular do estudiantado.

Tanto no deseño como na planificación e na implantación do plan é imprescindible a cooperación e a coordinación de todos os axentes que participan nel e tamén é necesaria a colaboración doutros servizos da Universidade de Vigo.

Con este método de traballo preténdese contribuír ao reto iniciado co Espazo Europeo de Educación Superior, de desenvolver unha educación superior baseada en competencias.

8 Plan de titorización PAT-ANEAE: ORIENTA-T

A escola determina accións precisas en función do título que se imparte, do perfil do alumnado e das súas necesidades. Todas as accións van dirixidas ao alumnado da escola prestando especial atención ao alumnado de novo ingreso. As accións que se determinen deben publicarse coa antelación suficiente para garantir a máxima difusión e acadar a máxima participación.

A continuación preséntanse información referente a accións establecidas que tratan de responder ás necesidades detectadas en base aos resultados e á experiencia dos cursos anteriores:

8.1 Actuacións de titorización xerais para todo o alumnado do centro

8.1.1 Actuacións de acollida e presentación do PAT ANEAE:

No acto de benvida o equipo directivo do centro xunto á persoa coordinadora ou a responsable xeral do PAT, recibe o alumnado que accede ao primeiro curso do título do grao.

Entre a información que se lle ofrece ao alumnado neste acto inclúese:

- Presentación da web do centro como a canle de información pública fundamental das principais unidades e servizos.
- Información xeral do plan de estudos.
- Guías docentes.
- Información dos principais órganos colexiados e dos seus/súas representantes, así como da importación de participar nos mesmos e nos procesos de avaliación da satisfacción para garantir a calidade e a mellora continua no centro e nas titulacións:
 - Canles, instrumentos e ferramentas de participación do alumnado na toma de decisións e mellora do cetro e as titulacións (enquisas, canal de QSP, órganos de participación...)
- Información das instalacións do centro e dos recursos dos que se dispón.
- Importancia do PAT-ANEAE. Intervén a coordinador/a do PAT e/ou a responsable xeral do programa que ofrece unha breve presentación do PAT para explicar e informar dos obxectivos do PAT, da importancia da participación do alumnado, das principais actuacións e das que se levarán a cabo neste curso académico.

Desde o acto de benvida, tamén:

- Coordínanse as accións de benvida do estudiantado programadas pola Uvigo.
- Se convida a participar as persoas de servizos relevantes como o persoal da biblioteca, do Servizo de Deportes, da Oficina de Voluntariado e da Oficina de Relacións Internacionais, da Unidade de Igualdade, etc., poderán estar presente no acto onde poden facer unha breve descripción dos servizos que ofrecen e os principais programas que xestionan. Tamén poden invitar ao alumnado para achegarse ás súas instalacións e ampliar a información que desexen.
- Informáselles de a quen deben dirixirse, as persoas con necesidades especiais de apoio educativo que así o desexen xa que, no centro, o apoio faise de xeito individual, buscando desde este primeiro contacto ás poucas persoas que acceden con necesidades especiais de apoio educativo e motivándoas para que queirán participar do apoio en coordinación coa UNATEN.

O Acto de benvida e presentación do PAT repetirase en outubro de existir estudiantado incorporado una vez iniciado o curso.

8.1.2 Acto de presentación ao alumnado de 2º, 3º e 4º de grao:

Neste acto, persoa coordinadora de cada curso de grao ou no seu caso, a coordinadora/o do título, informa, fundamentalmente, sobre as distintas materias do curso. Tamén se potencia a súa participación nos programas de mobilidade e voluntariado. Lémbrese a importancia de que participen nos órganos de decisión do centro e da universidade e tamén nos distintos procesos de avaliación da satisfacción, por constituir dous instrumentos fundamentais para a mellora. Respóndese a dúbdidas ou cuestións que formulen os estudiantes.

En terceiro informase da programación da reunión específica da información sobre a mobilidade.

No último curso de grao, informase sobre o proceso de TFG que terá lugar no primeiro semestre para a adxudicación de temática e persoa titora e sobre as titorías grupais que se realizan no segundo semestre (30h).

8.1.3 Ciclo de conferencias, seminarios e/ou xornadas:

Trátase de accións formativas organizadas dende o centro e que complementan a formación das alumnas e alumnos do grao. Permiteñlle ao estudiantado participar en contextos de aprendizaxe distintos ao aula para potenciar a motivación e mellorar a integración nas titulacións e no centro e mesmo mellorar a súa información sobre o mercado laboral e o emprego.

8.2 Actuacións de titorización para o alumnado dos Graos

8.2.1 Actuacións de carácter formativo

Curso cero:

Está destinado a alumnado de primeiro curso e pretende facilitar o cambio que sempre supón para o estudiantado o tránsito da etapa de bacharelato á universidade. O seu obxectivo prioritario é potenciar o rendemento académico naquelas materias que presentan maior dificultade a través do afianzamento de coñecementos e competencias que na etapa universitaria resultan de máxima importancia para acadar os logros establecidos. A participación nos mesmos terá de carácter voluntario.

8.2.2 Actuacións de apoio e seguimento

Estas accións esténdense ao logo de todos os estudos de grao e supón apoiar e asesorar ao alumnado na planificación do seu currículo (itinerarios, optatividade, prácticas, mobilidade...). Tamén supón orientar ao alumnado sobre actividades extacurriculares e atención naquelas cuestións relacionadas co rendemento académico.

Poderanse establecer reunións específicas iniciais e introdutoria sobre aspectos relacionados coa orientación profesional, organizando con outros servizos da universidade, talleres o seminarios específicos. Para o alumnado de cuarto curso organizarase unha sesión específica para tratar de forma ampla o desenvolvemento do Traballo de Fin de Grao (TFG).

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo manterá sesións de seguimento coa persoa titora que teña asignada. No desenvolvemento, das accións de apoio e seguimento tamén pode colaborar alumnado-titor previamente seleccionado e tras recibir a información e formación necesaria e que deberá ser determinada no marco do propio PAT-ANEAE.

Os /as titores asesorarán ao seu alumnado ao longo de todo o curso académico mediante a programación de reunións anuais co seu grupo de estudiantes. O alumnado titor poderá participar nas reunións. En todo caso no marco de acción do PAT-ANEAE, estableceranse explicitamente as actividades desenvolvidas por cada un deles.

O estudiantado poderá solicitar unha reunión co seu titor ou titora coa finalidade de concretar a data e a hora para a formalización da mesma. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento poderán empregarse, segundo o criterio dos titores dunhas fichas de seguimento das reunións cos tutelados/as (véxase o anexo III).

9 CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

9.1. Deber de confidencialidade

Os axentes implicados no PAT-ANEAE: equipo directivo, membros da Comisión de Garantía da Calidade, Coordinadores/as, persoas titoras xerais, persoas titoras do PIUNE ou programa equivalente, estudiantado titor e resto de alumnado e empregados públicos que participando do PAT-ANEAE están suxeitos as condicións e requisitos establecidos pola normativa para o cumprimento do deber de confidencialidade, e en especial conforme ao artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os axentes implicados no PAT-ANEAE manterán no máis estrito segredo profesional toda a información confidencial que poida chegar ao seu coñecemento como consecuencia do desenvolvemento das súas funcións ou actividades asignadas, comprometéndose a non divulgala, publicala, cedela, revelala nin poñela a disposición de terceiros. A duración desta obriga é de carácter indefinido e manterase en vigor con posterioridade á finalización destas actividades.

O incumprimento deste deber supón a transgresión da boa fe e a posibilidade de incorrer en responsabilidades.

9.2. Información sobre protección de datos de carácter persoal

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados polo alumnado e profesorado participantes do Plan de Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de

apoio educativo PAT-ANEAE, serán tratados baixo a responsabilidade da escola coa finalidade de ofrecer una orientación axeitada e atender as súas necesidades específicas de apoio educativo. e amparados pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e a súa normativa de desenvolvemento.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumplir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da citada finalidade e do tratamiento dos datos.

O alumnado, as persoas titoras ou o profesorado e o resto de participantes neste plan poderán exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamiento. Tamén terán derecho a opoñerse ao devandito tratamiento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/o exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos, dirixíndose á Secretaría da Escola.

10 Avaliación

A avaliación do PAT-ANEAE concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que achega datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produtos).
- A idoneidade dos medios e dos recursos empregados para obter os citados resultados (proceso).

A avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar resultados, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da excelencia da educación.

Os datos da avaliación constituirán un elemento para reflexionar que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial, xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a súa finalización. As principais fontes de datos serán:

- Documentación do PAT (fichas, anotacións, incidencias) recollida nun Informe Final do PAT-ANEAE que se presentará ao final de cada curso académico.
- As enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado.
- Outras datos do impacto do PAT-ANEAE (número de actuacións, participación, asistencia, solicitudes do estudiantado....)

11 Cronograma de desenvolvemento do PAT-ANEAE: ORIENTA-T

Plan de Acción Titorial e Atencións ás Necesidades Específicas de Apoyo Educativo PAT-ANEAE. **Estudantado de grao**

CRONOGRAMA DAS ACTUACIÓNS DA ORGANIZACION	
Actuación:	Previsión temporal:
Información sobre el PAT ao profesorado por parte da Dirección e promover a súa participación	1ª quincena de setembro 1º quincena de xuño
Reunión co alumnado de 1º para informar e promover a súa participación no PAT	2ª quincena de setembro
Reunión co alumnado de 2º curso: Informar e promover a súa participación no PAT: ratificar e/ou recoller novos participantes no PAT como alumnado colaborador (acompañando ao profesorado titor) Información sobre a elección de representantes do alumnado que se levaran a cabo neste curso.	1ª quincena de outubro
Reunión co alumnado de 3º curso: Informar e promover a súa participación no PAT: ratificar e/ou recoller novos participantes no PAT como alumnado titor (acompañando ao profesorado titor) Información sobre a elección de representantes do alumnado que se realizarán neste curso Informar e promover a mobilidade	1ª quincena de outubro
Reunión formativa ao alumnado de 2º, 3º e 4º como alumnado colaborador.	1ª quincena de outubro
Reunión co profesorado titor para asignar o novo alumnado que participará no PAT	2ª quincena de outubro
Presentación da relación de alumnado e titores/as asignados/as	2ª quincena de outubro

Eleccións do alumnado para a súa participación nas diferentes comisións de governo d centro.	1ª quincena de marzo
Reunión formativa ao alumnado colaborador de 1º curso	2º quincena de abril
Outras acción que xurdan da avaliación continua	Ao longo do curso
Recollida de información das actuacións e o seu análise	Ao longo do curso
Accións de Atención á Diversidade.	Ao longo do curso
Avaliación final	1ª quincena de xuño

CRONOGRAMA DAS ACTUACIÓN CO PROFESORADO TITOR	
1º Reunión de presentación e avaliação inicial do profesorado titor co seu alumnado titorizado.	Na segunda Q de novembro
2º Reunión de seguimento co alumnado titorizado.	Na segunda Q de marzo
